

BASES DO CERTAME DÍA DO LIBRO 2020

A corentena é un bo momento para deixar voar a imaxinación, e por iso a Biblioteca da UNED Lugo convoca o **II CONCURSO DE MICRORRELATOS** por mor da celebración do **Día do Libro 2020** e convidámoste a compartir a túa historia.

PARTICIPANTES

Poden participar no concurso todas as persoas maiores de idade con interese pola escritura.

O MICRORRELATO

O microrrelato poderá presentarse en galego ou castelán sen sobrepasar as 100 palabras e debe ser orixinal e inédito (non debe ter sido publicado en ningún medio ou soporte).

Non se admitirá a concurso ningún microrrelato enviado fóra de prazo e en xeral calquera microrrelato que non cumpra as condicións destas bases.



ENVÍO E DIFUSIÓN

O relato enviarase por **WHATSAPP** ao número **608 57 73 91** ou como documento adxunto ao correo electrónico biblioteca@lugo.uned.es. Na mensaxe deben indicarse os seguintes datos: *nome e apelidos do participante; título e teléfono de contacto*. Soamente se admitirá un relato por participante.

O Centro Asociado á UNED en Lugo divulgará os relatos na súa web e nas redes sociais baixo a etiqueta **#DÍADELLIBRO**

PREMIO

O Xurado, formado por: Ana Belén Traseira Pena (Directora do Centro Asociado á UNED en Lugo); José Enrique Pérez Rodríguez (Profesor-Titor de Lingua Española e de Literatura do CAD en C.A. Lugo); e Ana M^a Pérez Teijeiro (Bibliotecaria do C.A. Lugo) seleccionará un microrrelato entre tódolos participantes. O premio consistirá na **MATRÍCULA GRATUITA NUN CURSO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA DENTRO DA PROGRAMACIÓN DA UNED LUGO**.

PRAZO DE RECEPCIÓN DE TEXTOS

O prazo de recepción dos microrrelatos comezará o 23 de abril de 2020 e **rematará o xoves 30 de abril de 2020 ás 23:59 horas**. O gañador coñecerase o día 4 de mayo de 2020 e difundirase nas redes sociais da UNED Lugo.

COMPROMISOS DE LOS PARTICIPANTES

Os participantes cederán gratuitamente á Biblioteca da UNED/UNED os dereitos de difusión pública da obra e calquera outros dereitos necesarios para a comercialización total ou parcial da mesma en calquera soporte, para todo o mundo e polo período máximo que permita a lexislación.

Os participantes asumirán a total responsabilidade, deixando por tanto á Biblioteca da UNED/UNED indemne fronte a calquera reclamación de terceiros relativa a calquera compromiso e/ou gravame que o autor tivese contraído e que puidese afectar aos dereitos que correspondan á UNED/UNED de conformidade co estipulado nas presentes bases.

Os datos persoais solicitados trataranse conforme ao establecido na LOPD (Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais).